



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

11 de xaneiro de 2023

REXISTRO SAÍDA Nº 3

NOTA INFORMATIVA Nº 1/2023

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

1.- SUBVENCIÓN PROGRAMA IMPACTO AUTÓNOMO

Por medio do presente informamos da convocatoria da Subvención Programa Impacta Autónomo e que foron publicadas no DOGA o pasado mércores día 4 de xaneiro de 2022. A continuación detállanse os puntos destacados da convocatoria:

Beneficiarios:

- As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como traballadores e traballadoras por conta propia, así como as persoas mutualistas, con domicilio fiscal en Galicia e que tivesen uns rendementos netos mínimos de actividades económicas realizadas de 10.000 € e un máximo de 30.000 €, no ano 2021.
- As persoas traballadoras autónomas de tempada que acrediten estar de alta ou situación asimilada no momento da presentación da solicitude, e que estivesen de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses no ano 2021 e no ano 2022.
- As microempresas, sociedades, incluídas as de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís, con domicilio fiscal en Galicia e cun mínimo de facturación no ano 2021 de 50.000 € e un máximo de 750.000 euros no mesmo ano 2021.

Exclusións:

As persoas autónomas colaboradoras e familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea.



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

Requisitos:

- Que está de alta ou situación asimilada, mínimo 6 meses antes da publicación desta convocatoria, no réxime da Seguridade Social correspondente (no RETA ou na mutualidade correspondente), ou, se é unha persoa autónoma de tempada, que está de alta ou situación asimilada no momento de presentación da solicitude, e que estivo de alta un mínimo de 4 e un máximo de 9 meses no ano 2021 e/o no ano 2022.
- Que ten o domicilio fiscal en Galicia.
- Que, no caso de desenvolver actividade en establecemento fixo aberto ao público, o establecemento vai permanecer aberto ao público durante os 6 meses seguintes ao 04 de xaneiro de 2023.

Prazo de Presentación:

Desde o 09/01/2022 ata o 09/02/2023

Concurrencia non competitiva (por orde de entrada)

Contía da axuda:

- Para as persoas autónomas que tributen en réxime de estimación obxectiva (módulos), o importe da axuda será de 800 €.
- Para persoas autónomas que tributen en réxime de estimación directa ou atribución de rendas, e outros réximes:
 - Con rendementos netos no ano 2021 de ata 20.000 €, o importe da axuda será de 1.500 €.
 - Con rendementos netos no ano 2021 de ata 30.000 €, o importe da axuda será de 1.200 €.
- Para microempresas, sociedades, incluídas as de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís:
 - Cun mínimo de facturación no ano 2021 de entre 50.000 € e un máximo de 250.000 €, o importe da axuda será de 1.500 €.
 - Cunha facturación superior a 250.000 € no ano 2021 e ata un máximo de 750.000 €, o importe da axuda será de 1.200 €.

Os importes previstos se reducirán ao 50 % no caso de persoas autónomas, microempresas, sociedades, incluídas as de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís que se deron de alta ao longo do ano 2021 e non acrediten 12 meses completos de actividade, así como no caso de persoas autónomas de tempada.




COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

Orzamento:

30.000.000,00 euros

Un saúdo.



Asdo.: Avelino J. Sanmartín Caamaño
Presidente do C.O.P.D.G.